



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANUNCIO

Asunto: APROBACIÓN PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES 2025-2028.

Expediente TEDEC: 2025/G006/000056 (proposta)

Expediente TEDEC: 2025/G012/000004 (Comisión Informativa)

Expediente TEDEC: 2025/G010/000004 (Pleno)

De conformidade co disposto no artigo 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, o Pleno da Corporación con data do 28 de maio de 2025 adopta, por unanimidade dos membros de dereito da Corporación, aprobar o ditame da Comisión Informativa do 23 de maio de 2025 que deseguido se transcribe, en todos os seus termos:

“De conformidade co artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calquera outro ente público responsable da xestión de subvencións de elaborar un plan estratéxico de subvencións.

A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público adicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Nesta liña de mellora da eficacia preséntase o citado Plan que, se ben non contempla ningunha axuda de carácter plurianual, o seu contido segue a apoiar accións e colectivos como se estaba a facer en exercicios anteriores, dada a súa importancia para o tecido social, asociativo, cultural e deportivo do concello.

*Á vista do expediente tramitado ao efecto, no que consta informe da Secretaria-Interventora e proposta de documento, esta Alcaldía, en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, **PROPOÑO Á COMISIÓN INFORMATIVA ÚNICA** a adopción do seguinte **DITAME**:*

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao Plan Estratéxico de Subvencións do Concello da Baña 2025-2028:

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES DO CONCELLO DA BAÑA 2025-2028

PREÁMBULO

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calquera outro ente público responsable da xestión de subvencións: elaborar un plan estratéxico de subvencións, no que deben concretarse os obxectivos e efectos previstos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitos, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

ARTIGO 8. Principios xerais.

1. Os órganos das Administracións públicas ou calquera outro ente que propoña o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

2. Cando os obxectivos que se pretenden conseguir afecten ao mercado, a súa orientación debe dirixirse a corrixir erros claramente identificados e os seus efectos deben ser minimamente distorsionadores.

3. A xestión das subvencións a cal se refire esta lei realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

O citado artigo 8 foi desenvolto polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os efectos do seu incumprimento. Se ben este articulado non é aplicable aos Concellos, recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta como o artigo 11 (non básico) referente ao ámbito temporal "Os plans estratéxicos conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, agás que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente"

A Lei de Subvencións de Galicia 9/2007 indica que:

ARTIGO 5. Principios xerais.

1. Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O Plan Estratéxico, en diante PES, deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se formulen deben estar recollidas no mesmo.

A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público adicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar o Plan Estratéxico, que introduza conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles con carácter previo ao seu nacemento e a forma anual ou plurianual.

O Concello da Baña non contempla neste plan ningunha axuda de duración plurianual aínda que sigue apoiando accións e colectivos cos que xa viña colaborando en exercicios anteriores dada a súa importancia para o tecido social, asociativo, cultural e deportivo do concello.

Para dar cumprimento á citada normativa, o Concello da Baña aproba o seu Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

ARTIGO 1. ÁMBITO TEMPORAL.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

O ámbito temporal do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello da Baña propónse para o período 2025-2028.

ARTIGO 2. NATUREZA XURÍDICA

Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia indirecta na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a Administración.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvención, así como das disponibilidades orzamentarias, acomodaranse en cada momento a ditos obxectivos.

ARTIGO 3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións é o Pleno da Corporación, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica.

ARTIGO 4. BENEFICIARIOS

O Concello da Baña concederá subvencións a favor de persoas físicas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

ARTIGO 5. LIÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.

O presente Plan Estratéxico do Concello da Baña resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrência competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento .

As Subvencións nominativas que se están levando a cabo no Concello no período 2025 son:

SUBVENCIÓN	DEPARTAMENTO	CRÉDITOS INICIAIS ASIGNADOS
AFA CPI A Baña	Cultura	1000
ANPA CRA Lañas	Cultura	200
Asociacións veciñais e culturais	Desenvolvemento local	2500
Club sendas enxebres- Seixos	Deportes	1000
Asociación cultural deportiva A Baña-veteranos	Deportes	1000
Sociedade deportiva A Baña (SD)	Deportes	1000
Tecor San Can	Deportes	1000
FUT- Sala	Deportes	1000
Fundación discapacidade Negreira- A Baña	Cultura	8000



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Con carácter xeral , as subvencións concederanse en réxime de concorrencia competitiva; asemade, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas ou outras nos orzamentos municipais.

As liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as liñas de subvencións do Concello, son as seguintes:

- Liña 1: Fomento da promoción do deporte, a cultura, xuventude e o fomento turístico da Baña nos seus distintos ámbitos.
- Liña 2: Fomento da acción social, fomento da natalidade, o acceso á educación, protección das familias e vivenda.
- Liña 3: Fomento do sector primario.
- Liña 4: Fomento da saúde animal.
- Liña 5: Fomento do desenvolvemento económico local, o comercio e o emprego.

5.1. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE FOMENTO DO DEPORTE, CULTURA, XUVENTUDE E FOMENTO TURÍSTICO.

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter cultural, deportivo, xuvenil e turístico.

b) Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos: cultura, deporte o calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.
- Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten o turismo nos seus distintos ámbitos.
- Fomentar a participación da mocidade e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións previstas nas bases de execución dos orzamentos municipais.
- Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas .

c) Prazo de execución: Anual

d) Custos previsibles:

Os custos previstos para o período 2025-2028 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

O procedemento de concesión realizarase en xeral por concorrancia competitiva, e de forma directa, para as entidades que figuren nominativamente no orzamento e para as axudas directas extraordinarias por razóns de interese público, social, económico e/ou humanitario.

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases da convocatoria e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan subscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

5.2. SUBVENCÍONS EN MATERIA DE FOMENTO DA ACCIÓN SOCIAL, FOMENTO DA NATALIDADE, ACCESO Á EDUCACIÓN, PROTECCIÓN DAS FAMILIAS E VIVENDA.

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a adopción de medidas de corte social, a fin de mellorar a calidade de vida das familias como núcleo social básico facilitando a consecución de cobertura de necesidades vitais sociais e educativas, o fomento da natalidade e a conciliación de vida laboral e familiar como medida paliativa á despoboación.

b) Obxectivos específicos:

- Solucionar as necesidades acreditadas polo departamento de Servizos Sociais relacionadas coa cobertura das necesidades vitais de carácter básico(alimentación, saúde, vestido e uso e mantemento da vivenda habitual).*
- Fomentar a natalidade no termo municipal, a fin de paliar o crecemento vexetativo negativo.*
- Fomentar o acceso a niveis educativos non obrigatorios non prestados no termo municipal, co que supón de desprazamentos e encarecemento no acceso a un dereito básico como a educación.*
- Superar situacións de infravivenda.*
- Fomentar o alugamento das vivendas deshabitadas do Concello da Baña co fin de aumentar a poboación.*
- Colaborar coas familias para obter a satisfacción das necesidades básicas dos menores, cando a causa determinante do risco para o seu desenvolvemento integral proceda de situacións de carencia ou insuficiencia de recursos do seu medio familiar.*
- Completar o acceso á educación en condicións de igualdade nos niveis educativos obrigatorios.*

c) Prazo: Convocatorias anuais.

d) Custos previsibles: Os custos previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.

e) Fontes de financiamento: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.

f) Procedemento de concesión: O procedemento de concesión realizarase en concorrancia competitiva, de conformidade coas bases que regulen a súa concesión, que poderá prever , con carácter excepcional e sempre que se acredite a necesidade dende o Departamento de Servizos Sociais, por concesión directa.

g) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.

5.3. SUBVENCÍONS DE FOMENTO DO SECTOR PRIMARIO.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

a) *Obxectivo estratéxico: Fomentar e incentivar a modernización e desenvolvemento das actividades propias do sector primario no Concello: agrícola, gandeiro, forestal e hortícola.*

b) *Obxectivos específicos:*

- *Axuda ás xestións das explotacións agrarias, forestais e gandeiras, especialmente, en campañas de exaltación e posta en coñecemento de produtos típicos, tradicionais e naturais elaborados no Concello.*

- *Fomentar o emprego no sector primario, facilitando a incorporación de mozos/as, como medida paliativa á despoboación.*

c) *Prazo: Convocatorias anuais*

d) *Custos previsibles: Os custos previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.*

e) *Fontes de financiamento: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.*

f) *Procedemento de concesión: O procedemento de concesión realizarase en concorrencia competitiva.*

g) *Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.*

5.4. SUBVENCÍONS EN MATERIA DE SAÚDE ANIMAL.

a) *Obxectivo estratéxico: Fomentar a protección da saúde e benestar animal no concello da Baña.*

b) *Obxectivos específicos:*

- *Protección dos animais, especialmente de razas tradicionalmente vinculadas ao acompañamento doméstico.*

- *Evitar a propagación de enfermidades entre animais domésticos .*

- *Evitar o abandono indiscriminado de animais que poñan en risco a seguridade cidadá en viarios.*

- *Fomentar actuacións de mellora das condicións de vida de animais abandonados e evitar o seu maltrato.*

- *Fomento da adopción de animais abandonados.*

c) *Prazo: convocatorias anuais.*

d) *Custos previsibles: Os custos previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.*

e) *Fontes de financiamento: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.*

f) *Procedemento de concesión: O procedemento de concesión será, con carácter xeral, subvención nominativa prevista nas bases de execución do orzamento, ou subvención por concesión directa.*

g) *Plan de actuación: o plan de actuación para a execución desta liña estratéxica realizarase a través de convenio.*



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

5.5. SUBVENCÍONS DE FOMENTO DO DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO LOCAL, COMERCIO E EMPREGO.

a) *Obxectivo estratéxico: Colaboración cos axentes económicos do municipio na dinamización das actividades comerciais e competitividade das empresas locais.*

b) *Obxectivos específicos:*

- *Facilitar o desenvolvemento da actividade empresarial local.*
- *Fomentar o asociacionismo empresarial no municipio.*
- *Mellora da competitividade das actividades empresariais.*
- *Posta en marcha de campañas comerciais para o fomento das vendas no municipio.*
- *Mantemento do comercio e da hostalería no municipio.*

c) *Prazo: convocatorias anuais.*

d) *Custos previsibles: Os custos previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das disponibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.*

e) *Fontes de financiamento: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.*

f) *Procedemento de concesión: O procedemento de concesión realizarase en concorrencia competitiva.*

g) *Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.*

ARTIGO 6. PRAZOS DE EXECUCIÓN

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixibles a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período flexible, deberanse recoller nas correspondentes bases das subvencións. (por exemplo, tempadas deportivas ou cursos escolares).

ARTIGO 7. FINANCIAMENTO

A efectividade das liñas de axudas e subvencións engadidas no presente plan quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual. Previo á concesión de calquera tipo de subvención procederá á tramitación da autorización do gasto correspondente.

A cantidade global inicialmente consignada para a acción de fomento non será inferior ao 0,5% da cantidade total inicial á que ascenda ao Orzamento Municipal en cada exercicio.

ARTIGO 8. PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións que establece que “tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención”, as bases das diferentes convocatorias, en función das necesidades de financiamento do tipo de proxecto a



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

subvencionar, dos destinatarios da subvención e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer en toda actuación pública poderán, de forma motivada, establecer a posibilidade de pagos anticipados.

ARTIGO 9. CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello da Baña, realizarase de forma anual, en dous aspectos.

- Control económico-financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención do Concello da Baña, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente.*
- Control e seguimento do Plan, que será recopilado pola Intervención municipal, para o cal, por parte de cada un dos Servizos que actúen de órganos instructores do procedemento de concesión das Subvencións, procederase a remitir no primeiro cuadrimestre do exercicio seguinte, memoria de avaliación.*
- A intervención analizará, xunto co informe de análise do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra do gasto da liquidación orzamentaria do exercicio vencido, en informe independente, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da execución do Plan Estratéxico de Subvencións da anualidade correspondente indicando grado de execución e relevancia do mesmo respecto do análise xeral.*

ARTIGO 10. TRANSPARENCIA.

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, na web municipal, tanto no apartado Subvencións, como no Taboleiro de anuncios Oficiais da Sede Electrónica, no taboleiro de anuncios físicos, no Boletín Oficial cando fose preciso e na Base de Datos Nacional de subvencións, indicando beneficiario, contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada.

SEGUNDO.- *Publicar o citado Plan no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello da Baña.*

Examinada por parte desta Comisión Informativa Única Asuntos do Pleno a documentación obrante no expediente de referencia e emitidas as seguintes consideracións por parte dos membros da mesma:

- A secretaría-interventora, Paula Martís Torres, explica o Plan Estratéxico de Subvencións, comenta que é o mesmo Plan que para o período 2021-2024, pero coa inclusión no punto 5.2 de subvencións en materia de vivenda co respectivo obxectivo específico.*
- A Concelleira do Bloque Nacionalista Galego, Mónica González Blanco, considera que deberían incluírse as cantidades económicas, que o Plan incide en subvencións de concorrencia competitiva cando aquí hay nominativas, non figura un listado das subvencións que se están dando, e require unha corrección gramática do Plan por mesturar galego e Castelán.*
- Chegan a acordo na inclusión da lista de subvencións que xa se están dando e na corrección ortográfica do plan.*

En virtude do disposto nos artigos 123 e ss do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento o réxime xurídico das Entidades Locais, esta comisión informativa ditamina o seguinte, con 3 votos a favor (PSOE e BNG), 0 votos en contra e 2 abstencións (PP):



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao Plan Estratéxico de Subvencións do Concello da Baña 2025-2028.

SEGUNDO.- Publicar o citado Plan no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello da Baña."

A Baña data da sinatura dixital

O alcalde, José Antonio Pereira Gil

A secretaria-interventora, Paula Martís Torres.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE